



Memoria xustificativa do convenio-tipo de colaboración entre a Xunta de Galicia- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e diversos concellos de Galicia para a execución de proxectos de creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar convenios de colaboración con diversos concellos para a execución de proxectos que teñen por obxecto a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais, incluídos os relacionados coa protección do ambiente.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se encontran os relacionados coa protección do medio ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia busca garantir un equilibrio no territorio galego entre o medio rural e urbano, o interior e a costa que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados, converténdoo en motores do desenvolvemento económico rexional.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulou, por medio da orde do 30 de decembro de 2016, a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro), modificada para ampliar a súa dotación económica pola Orde do 12 de xuño de 2017. Mediante a devandita orde a Xunta de Galicia materializou a súa vontade de colaborar cos concellos na implantación e mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural.

A convocatoria, instrución e resolución do procedemento iniciado pola antedita orde, finalizará coa concesión de axudas a todos os concellos solicitantes que cumpran os requisitos esixidos polas bases reguladoras e acaden a puntuación mínima determinada pola Comisión designada para a valoración dos proxectos, ata o esgotamento do crédito destinado ao financiamento da convocatoria.





Logo da tramitación desta convocatoria, na mesma aplicación orzamentaria, dentro do código de proxecto (2017 00054 *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais*), existe un saldo de crédito financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considerou axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia na mellora da calidade da prestación dos servizos municipais.

Cúmprense deste xeito os principios de concorrencia, transparencia, publicidade, obxectividade, igualdade e non discriminación recollidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e asemade destínase eficazmente o crédito dispoñible a a colaborar coas entidades locais na execución de actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais.

Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais, converxendo a conxuntura descrita co obxectivo da actuación para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifiquen o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, formalizáronse os instrumentos convencionais ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.

4. Obxecto do convenio

Os convenios teñen por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e os concellos para a execución dos proxectos que os propios concellos determinen, co fin de crear e/ou mellorar infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais. Para os efectos destes convenios, consideraranse subvencionables aqueles proxectos que teñan por obxecto:

- a) A realización de obras de adecuación en edificios de titularidade municipal nos que se presten os servizos xerais do concello.
- b) A realización de obras para a prestación de calquera dos servizos relacionados no artigo 26.1 da Lei 2/1985, do 2 de abril.

Quedan excluídos aqueles proxectos que teñan por obxecto:

- a) Actuacións sobre redes de alumeado público ou calquera dos seus elementos.
- b) Pavimentación de vías públicas, con excepción das prazas e rúas dos núcleos de poboación.

O obxectivo común é conseguir ou recuperar un óptimo nivel de funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

5. Fundamentos do convenio

Os proxectos de investimento para a realización de obras para a prestación de servizos municipais en cuxa realización se pretende colaborar resultan de interese para a Xunta de Galicia polo que supoñen de potenciación e apoio ao desenvolvemento territorial equilibrado e para a mellora da





calidade de vida da veciñanza apoiando a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima á cidadanía.

O obxectivo común é conseguir ou recuperar un óptimo nivel de funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais naqueles concellos máis desfavorecidos, considerando como tales aqueles que, polas súas condicións xeográficas e demográficas, adoitan ter maiores dificultades de financiamento e mantemento das infraestruturas vinculadas á prestación dos seus servizos municipais e que, asemade, amosaron o seu interese para obter unha axuda destinada á execución deste tipo de proxectos mediante a presentación dunha solicitude ao abeiro da convocatoria en concorrencia competitiva, destinada á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, anteriormente sinalada, pero non puideron acceder a ela ben por non cumpriren os requisitos ou por non ter acadado os 21 puntos mínimos que as bases reguladoras esixían.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias destes concellos, que veñen incidir nun contexto orzamentario necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto destas subvencións representa para as facendas municipais, que precisan da creación e/ou mellora das infraestruturas para a adecuada prestación dos servizos municipais.

Os criterios para a determinación da proposta son os seguintes:

1. Concellos que solicitaron subvención ao abeiro da Orde do 30.12.2016 xa citada, pero non a obtiveron, ben por resultaren inadmitidos, desistidos ou por non acadaren a puntuación mínima establecida na orde para acceder ás axudas (fixada en 21 puntos polo artigo 10 *in fine* da orde).
2. Poboación inferior a 6.500 habitantes (datos 2016 obtidos da páxina web do Instituto Galego de Estatística)
3. Porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos superior ao 30% (datos 2016 obtidos da páxina web do Instituto Galego de Estatística)
4. Dispersión da poboación, medida en habitantes por quilómetro cadrado, inferior a 50 hab/km².
5. Dispersión medida polo número de habitantes con relación ao número de núcleos de poboación do concello, inferior a 100 habitantes por núcleo.
6. Dispersión medida pola superficie do concello en km² con relación ao número de núcleos, inferior a 3,5 km² por núcleo.
7. Que non obtivesen unha subvención na liña non competitiva do FCA 2017 por importe superior a 30.000 €.

A conxuntura descrita, as circunstancias xeográficas e demográficas dos concellos relacionados e o obxectivo da actuación converxen para acreditar a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención aos concellos que se relacionan na táboa inserida como anexo a esta memoria e da cal forma parte.





6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos destes convenios, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegou a cantidade total de 590.924,61 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 (C.P. 2017 00054 Proxecto de desenvolvemento dos entes locais) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017
A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández Tapias-Núñez
Documento asinado dixitalmente á marxe

**ANEXO**

ENTIDADE	PROXECTO	IMPORTE CONVENIO
Concello de Arnoia	Mellora da rede de abastecemento de auga nos Chaos e da rede de saneamento na Laixa	34.811,88 €
Concello de Baños de Molgas	Obras de saneamento e abastecemento en Pasaxe e Landeira	35.000,00 €
Concello de Beariz	Pavimentación de rúas en Ricovanca	40.000,00 €
Concello de Boimorto	Mellora da rede de subministración de auga ao depósito municipal de Rodieiros	24.690,78 €
Concello de Castro Caldelas	Obras de reforma e mellora na Casa do Concello	30.000,00 €
Concello de Cenlle	Ampliación de almacén e acondicionamento do espazo exterior dos edificios municipais	40.000,00 €
Concello de Cerdedo-Cotobade	Saneamento de Bouza-Costa_Cuiñas.Viascón	70.000,00 €
Concello de Frades	Acondicionamento Campo de fútbol de Pontecarreira	30.000,00 €
Concello de Melón	Obras no centro de fomento e coidado de animais domésticos	30.000,00 €
Concello de Paderne de Allariz	Distribución de auga para o abastecemento de Xes	30.000,00 €
Concello de Porqueira	Obras de reforma na planta baixa da casa do concello	50.000,00 €
Concello de Rairiz de Veiga	Mellora do saneamento e abastecemento no núcleo de Santa Baia	30.000,00 €
Concello de Ramirás	Mellora do abastecemento a Rozas e augas pluviais en Margarideiros	25.000,00 €
Concello de San Cristovo de Cea	Obras de reparación e acondicionamento da cuberta da casa consistorial	25.000,00 €
Concello de Tordoia	Colector Xeral de Saneamento A Tañe	19.985,13 €
Concello de Trazo	Abastecemento á Alta de Trazo	30.000,01 €
Concello de Vilamarín	Pavimentación en rúas de Xagrande, A Pousa e Agromaior	26.436,81 €
Concello de Vilasantar	Creación dun área de xogos dentro da piscina municipal na zona de Présaras	20.000,00 €
IMPORTE TOTAL CONVENIOS		590.924,61 €

